

Contos de Antonio Pereira

Ando a ler a Antonio Pereira. O primeiro libro que me chegou ás mans hai anos foi "las ciudades de Poniente", un agasallo de Luciano Rodríguez que propiciou o coñecemento dun autor que só me sonaba por ter gañado o Torrente Ballester. Aquela primeira lectura non me decepcionou pero tampouco me entusiasmou. Como acostuma a suceder cómpre ir entrando paseniño nos códigos secretos de cada escritor. Lin despois "Contos da Cábila. Fabulacións no país do Bierzo", publicado por Galaxia nunha moi boa traducción de Xesús Carballo Soliño, tan boa que os contos, todos moi breves, por anecdotario, usos, costumes e psicoloxía, semellan galegos. Porque galega é dalgunha maneira, non administrativa, esa Galicia irredenta da quinta provincia. A aquelas lecturas iniciais, cada vez máis asimiladas, únese agora "Recuento de invenciones", que ve a luz, en edición de José Carlos González Boixo, publicado por Cátedra; toda unha garantía. "Recuento de invenciones" é unha selección da obra narrativa de Pereira, desde "Una ventana a la carretera" (1967, no que recomendo pezas como "Rabanillos", "El primo Tanis" ou "El tío candela", pasando por "El ingeniero Balboa y otras historias civiles (1976)", "Los brazos de la griega (1982)", onde atopamos os espléndidos "La venganza" ou "las peras de Dios", "Picassos en el desván" (1991) que inclúe o relato homónimo e outros igualmente maxistras, como "Milagros y fotocopias", "la espalda de Elisa", ata chegar ao citado "Cuentos de la Cábila", do ano 2000.

Interésame a proposta literaria e vital de Antonio Pereira, un home que se dedicou a diversos oficios nada "literarios" e que fixo un longo e traballoso camiño, sen presas nin atallos, ata chegar a converterse nun dos grandes "contadores de historias" da literatura española actual. Son as súas unhas historias menores, cotiás, sinxelas, que non pretenden epatar nin deslumbrar, río soturno que cruza calada mente ceas súas miudezas e que Pereira rescata da propia memoria e da ollada penetrante de canto o rodea: personaxes e circunstancias en aparencia vulgares, pero que esconden unha enorme carga. Da a sensación de que Pereira fala do que coñece, do que ten ao seu carón. A orixinalidade non está, daquela, nos argumentos, senón na "mirada". Chama a atención a capacidade que ten Pereira para facer arte con elementos tan normais; a súa é a estética da non ambición, da coufeza, de non alargar nin falar por falar, nin siquiera de buscar sucesos que se poidesen definir a priori baixo o carimbo do dramático -oindo que dramáticos resulten en ocasións os seus relatos- ou do literario adxectivo. Non, as súas historias son historias "reais",

habituais, como as que calquera de nós pode vivir ou sentir a diario. A gracia está no tratamento, na finura, no humor, na intelixencia e a habilidade con que construe o relato, con palabras precisas e celmosas. A súa formación de poeta, en canto a concentración e precisión, está detrás. Así nos vai gañando sen trampas: cando máis olemos máis nos gusta. Así se vai situando á cabeceira das nosas preferencias.

